

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 17/01/1967

Colección:

Data: 17/01/1967

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Temáticas:

Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 17/01/1967

Buenos Aires, 17-01-1967.
Sr. Don Valentín Paz-Andrade
Policarpo Sanz, 22.
Vigo .

Benquerido amigo:

No meu poder a tua carta, dou comezo a miña agradecéndoche de todo corazón as verbas lembrando coma sempre ao noso inesquecente. Gracias Valentín. Chegarás a saber, que este aniversario resultou máis “completo”, val decir, que a nosa xente como de costume, programou os actos da data 7, namentras o Centro Galego rindeulle seu homaxe no domingo día 8. Según opinión xeral, verificouse con altura, e o discurso do Presidente dicen que foi moi bo, plasmando a figura de Castelao, sin faltarlle “ren” menos a parte política que non contou, porque como tí sabes e ahí precisamente, onde a porca toree o rabo... (Confidencialmente, TIVERON QUE AFOCIÑAR...)

Pasando a outro tema, direiche que, pol-o que vexo fixen ben en mandarche a copia do contrato, porque con esa xente, por formal que pareza, sempre hai que se “coidar”. Como Prada estaba ausente de Bos Aires cando o Sr. Ortega se puxo a fala conmigo, non pudo enteirse dos termos do contrato deica agora, que ao seu regreso, pudo íl tamén botarlle unha olleada a copia que quedou no meu poder. Opina, atopando dendo logo moi certa, a túa indicación, de que en dito contrato tense que fixar prazo pra autorización. Ti indicas 10 anos é ben está, pero coida que abondarían cinco. Relendo o orixinal firmado por Alianza Editorial, S.A. dámonos conta de dúas cousas a ouservar: o prazo do que dispondría a Editorial, de 2 anos, pra facer o adianto das 10 mil pesetas (Claúsulas 2 e 3). Pensamos que, o tal adianto, debíano facer ao firmarse o contrato según me tiña dito Alberto Míguez, que xa non era de 10.000 pesetas, sinón que me tiña falado de 30.000 pagadeiras nese mesmo intre...A outra observación, é referente a clausula 5, entendendo que se debería acrararen que condicións a Editorial exercería o dereito de prioridad. ¿Pagando o que outro poidera ofrecer...? Con estos datos que deixo apuntados, espero de ti me “defendas” dentro do xusto e razonable.

Temos unha tormenta tan brava enriba, que somentes nos tranquiliza o pensar que servirá pra refrescar un pouco este calor de inferno que estamos soportando. En cambio por carta que recibín de Ramón, e da miña familia, vexo que por ahí a invernia é brava, aliviando un pouco a diferenca entre o que eiquí estamos soportando.

Observando o destartalada que vai esta carta, pídoche que teñas un pouco de pacencia pra ir interpretándoa. E que, a cada tanto estala un trono tan “estrepitoso” que francamente mete medo. Sin máis nada, e alledándome de que os tres tiredes fortes, recibide unha aperta agarimosa de esta vella amiga.

Virxinia

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.